

O Goberno galego segue a cumprir cos concellos e avanza a elaboración dun novo decreto que permitirá un plan concertado dos servizos sociais mellor organizado, mellor planificado e cun mellor financiamento

- ▶ A nova normativa asegura a igualdade de prestacións entre todos os cidadáns que vivan en calquera concello galego. "Atención igual para todos os galegos residan onde residan; é dicir, mesmas prestacións e mesmos contidos"
- ▶ O novo decreto establece dúas fórmulas de financiamento diferenciadas: por unha banda, as axudas para prestación de servizos sociais básicos; e, por outra, para a axuda no fogar para persoas dependentes, que se liquidará trimestralmente e non nunha orde anual como ata o momento



Traballo e Benestar blinda en 2012 a atención ás persoas en risco de exclusión, promove o autoemprego e crea novas prazas de 0-3 anos

Apoio da Unión Europea a proxectos laborais e sociais que melloran a empregabilidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, acompañou o comisario europeo de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión, Lázsló Andor, nunha visita a varios proxectos do departamento financiados con fondos europeos



Informe do paro rexistrado

Galicia pechou o mes de novembro cun total de 253.416 persoas desempregadas

Sumario

Formación-emprego	2-7	Xuventude e Voluntariado	12-13
Informe do paro rexistrado	7	Normativa DOG	14-15
Seguridade e saúde laboral	8	Normativa CCAA	15-18
Declaracións institucionais	9	Normativa BOE	18-20
Benestar e dependencia	10-11	Publicacións	20

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatísticas
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Mato subliña o apoio da Unión Europea a proxectos laborais e sociais que melloran a empregabilidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, acompañou o comisario europeo de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión, Lázsló Andor, nunha visita a varios proxectos do departamento financiados con fondos europeos
- ▶ Andor coñeceu de primeira man o curso de formación para persoas desempregadas en atención sociosanitaria da Laracha (A Coruña), unhas accións formativas a través das que xa se cualificaron máis de 3.200 persoas no que vai de lexislatura
- ▶ Beatriz Mato e Lázsló Andor desprazáronse tamén ata o centro penitenciario de Teixeiro (A Coruña), onde un equipo de inclusión da consellería desenvolve o módulo Nelson Mandela, de preparación para internos e internas que están próximos a recuperar a liberdade



A Coruña, 21 de novembro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou o apoio da Unión Europea a proxectos que está a levar a cabo a Xunta de Galicia tanto no eido social como laboral, que permiten, entre outros, a mellora da empregabilidade dos galegos e galegas e a formación dos novos perfís profesionais que están a ser demandados actualmente.

O comisario europeo de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión, Lázsló Andor, visitou en Galicia, xunto a Beatriz Mato, varios proxectos desenvolvidos por este departamento autonómico que contan co apoio de fondos europeos e que a conselleira xa tiña avanzado ao comisario nunha visita a Bruxelas o pasado ano.

Andor visitou o curso de

formación para persoas desempregadas en atención sociosanitaria da Laracha (A Coruña) no que se están a formar unhas vinte mulleres, o que lles permitirá exercer o seu traballo en atención a domicilio para persoas dependentes ou en centros de atención a persoas maiores. Uns cursos a través dos que, segundo lembrou Mato, xa se cualificaron máis de 3.200 persoas no que vai de lexislatura.

A conselleira engadiu que o 72% das persoas que obtiveron un título certificable por esta formación son mulleres e a metade teñen entre 30 e 50 anos, o que en moitas ocasións constitúe un perfil con moitas dificultades de inserción laboral.

A titular de Traballo indicou, así mesmo, que o Plan Sociolaboral que está a levar a cabo o departamento

autonómico constitúe unha clara aposta pola mellora dos servizos sociais que comporta a xeración de emprego, pero require a formación dos traballadores nos novos perfís profesionais como a atención sociosanitaria, tanto no domicilio como nas institucións sociais, en especial en Galicia, onde o 22% da poboación ten máis de 65 anos.

Neste sentido, o comisario europeo de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión valorou de maneira especial a posta en marcha de proxectos cos que se intenta impulsar o envellecemento activo. Por iso, ratificou a aposta da Xunta polo desenvolvemento de programas destinados ás persoas maiores e indicou, ao respecto, que levar a cabo iniciativas deste tipo é, se cabe, máis relevante en España, xa que é un país cun

índice elevado de poboación envellecida.

Así, apuntou que é necesario seguir a traballar nesta liña e tamén de cara ao 2012 cando se celebra o Ano Europeo do Envellecemento Activo e a Solidariedade entre Xeracións. Neste sentido, lembrou que os programas destinados á atención aos maiores deben ser un eixe prioritario en toda Europa, ante a crecente esperanza de vida, ao tempo que indicou que se debe abordar o problema do envellecemento demográfico na maioría dos países da UE.

O comisario europeo de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión desprazouse tamén ata A Coruña para visitar o centro de día de Montealto, que a Xunta puxo en marcha o pasado mes de setembro.

Módulo Nelson Mandela de Teixeiro

Beatriz Mato e Lázsló Andor visitaron por último o centro penitenciario de Teixeiro (A Coruña) onde un equipo de inclusión da Consellería de Traballo e Benestar desenvolve, tamén co apoio dos fondos europeos, o módulo Nelson Mandela, un proxecto de preparación para internos e internas que están próximos a recuperar a liberdade, no que se incide en todas aquelas habilidades, tanto persoais como sociais e laborais, que poidan ser útiles para a súa reintegración na sociedade, así como na adquisición de habilidades para a busca de emprego, como o desenvolvemento de cursos laborais.

A conselleira sostivo que os internos asumen de forma voluntaria a súa adscrición ao proxecto e aceptan o itinerario que realizan os profesionais do equipo de inclusión. Un itinerario que ten en conta as súas características persoais e permite que os participantes se integren nunha dinámica de grupo autoxestionado pero supervisado. Trátase dun módulo "pioneiro en España que é referencia no marco das institucións penitenciarias e que está a permitir que os niveis de reincidencia de estes internos diminúan considerablemente respecto á media", segundo sostivo Mato.

Beatriz Mato expuxo que "estes proxectos son unha mostra de que a cooperación no marco da Unión Europea dá os seus froitos, e que desde Galicia se están a aproveitar estes fondos para a realización de proxectos realmente interesantes e beneficiosos, tanto para as persoas como para a sociedade". Neste módulo participan unha media de 85 usuarios e usuarias ao mes. A súa asistencia a esta iniciativa artículase, ademais, en función dun programa individualizado de tratamento e un itinerario personalizado de inserción. Ata o momento xa tomaron parte 252 internos e prevese que antes de que remate este ano a participación acade as 300 persoas.

Finalmente, a visita entre a conselleira e Lázsló Andor rematou en Santiago de Compostela cunha xuntanza na que avaliaron as visitas desenvolvidas durante o día e futuras liñas de colaboración entre a Comisión Europea e a Xunta de Galicia neste eido. Entre os proxectos que trataron destacou o Plan Empegatex, para a recolocación de persoas desempregadas do sector téxtil. Na actualidade, participaron neste programa un total de 520 persoas das que un 32 por cento xa acadaron un posto de traballo.



Traballo apoia e fomenta a contratación de persoas en risco de exclusión co fin de favorecer a súa inclusión social

- ▶ Na actualidade hai 12 empresas de inserción laboral activas en Galicia que teñen un total de 51 traballadores, dos que 30 están en fase de inclusión laboral

Santiago, 23 de novembro de 2011.- A Dirección Xeral de Promoción do Emprego, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, fomenta a contratación de persoas en risco de exclusión con diversas iniciativas, entre as que se atopa o Programa de Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), dotado cun orzamento de 200.000 euros.

O director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, clausurou en Santiago unha xornada da Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (Aeiga) sobre os itinerarios de inserción e integración sociolaboral das empresas de inserción nun contexto de crise económica.

Na súa intervención indicou que as entidades beneficiarias das axudas previstas neste programa son as empresas de inserción laboral, unha vez cualificadas e rexistradas como tales no rexistro habilitado para tal efecto na dirección xeral. Na actualidade hai 12 empresas de inserción laboral activas (tres en Ourense, tres en Santiago, unha en Cambre, unha en Ribeira, dúas en Lugo, unha en Vigo e unha en Vilagarcía). Teñen un total de 51 traballadores, dos que 30 están en fase de inclusión laboral.

As empresas de inserción traballan con persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, que concorran en factores como a discapacidade física, ser unha persoa en proceso de rehabilitación, contar con cargas familiares non compartidas, ser inmigrante ou emigrante retornado, non ter fogar, proceder de institucións de protección ou reeducación de menores, ser unha muller vítima de violencia de xénero, pertencer a minoría étnica ou ser beneficiario da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), entre outros.

O programa inclúe axudas para a contratación de persoas en situación de risco de exclusión social, de xerentes ou técnicos para garantir a viabilidade da empresa de inserción ou de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción. Tamén inclúe a realización de labores de mediación laboral para a contratación de persoas en

inserción no mercado laboral, formalización de préstamos con entidades financeiras ou creación ou ampliación do cadro de persoal.

Espazo social e económico

O director xeral de Promoción de Emprego apuntou que as empresas de inserción laboral teñen un papel protagonista na inclusión e están a gañar espazo social e económico de forma crecente como consecuencia das necesidades de incorporación social e laboral das persoas en situación de exclusión ou de gran vulnerabilidade.

Estas organizacións desenvolven a súa actividade co obxectivo de que a persoa recupere uns hábitos laborais, sociais e de relación que perdeu de forma involuntaria e, por outro lado, posibilitar o acceso a un traballo remunerado que lle permita ter acceso a unha maior autonomía e ao logro de obxectivos persoais.

Hermida engadiu que estas empresas destacan pola súa instrumentalidade, ao non ser un fin en si mesmas, senón que supoñen un instrumento de intervención sociolaboral; e pola súa transitoriedade, porque a súa vontade é que as persoas en proceso de inserción, tras un período de traballo na entidade, se integren no mercado laboral ordinario.

Lembrou que as empresas de inserción laboral "son organizacións que co seu traballo fan visibles unha serie de persoas que permanecían ocultas para unha gran parte da sociedade, que comprenden as persoas excluídas e que contribúen a que elas mesmas entendan e empecen a dominar a súa situación e as súas dificultades".

As empresas de inserción laboral "son entidades que están asumindo un rol que é, en definitiva, unha responsabilidade do conxunto da sociedade" e que "exercen como movementos, ideas e actuacións que rompen a dinámica da exclusión, todo iso reforzado cunha estratexia que incorpora formas de traballo que entenden a economía non como un fin, senón como un medio".

Formación e emprego

Traballo e Benestar blindo en 2012 a atención ás persoas en risco de exclusión, promove o autoemprego e crea novas prazas de 0-3 anos

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, deu hoxe conta en comisión parlamentaria das contas do departamento autonómico de cara a 2012
- ▶ Mato sinalou que o orzamento global desta área autonómica de cara ao ano que vén ascende a uns 920 millóns de euros
- ▶ Cualificou as contas de “realistas, responsables, austeras e, sobre todo, solidarias”
- ▶ Destacou o aumento do financiamento da RISGA, nun 4,4 por cento, que ademais figura como “crédito ampliable”
- ▶ Pola súa banda, o financiamento da dependencia superará en 2012 os 361 millóns de euros, o que supón 2 millóns de euros máis que este ano, un 3,1 por cento máis
- ▶ As contas permitirán manter, con niveis orzamentarios de 2006, a totalidade das prazas sociais existentes -11.000 máis que en 2006-, que inclúen as 5.000 creadas no que vai de lexislatura; ao tempo que permitirán crear novas prazas no próximo exercicio
- ▶ Na área laboral, aumenta o orzamento destinado aos autónomos, que pasa de 27 a 28 millóns de euros; e refórzase a aposta polas cooperativas que teñen demostrado unha especial resistencia á crise
- ▶ Presérvase tamén a partida de axudas ao emprego para persoas con discapacidade, con preto de 15 millóns de euros



Santiago, 4 de novembro de 2011. Os orzamentos da Consellería de Traballo e Benestar para 2012 permitirán cumprir catro obxectivos fundamentais: dar resposta ás persoas que peor o están a pasar e que se atopan en risco de exclusión; fomentar os servizos de calidade para a atención á cidadanía; impulsar as fórmulas de autoemprego e emprendemento que amosan un mellor comportamento ante a crise; e continuar apostando polo diálogo e a concordia cos axentes sociais, as entidades, e as diferentes administracións.

“Todos estes obxectivos se resumen nun só: as persoas”, destacou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, durante a súa comparecencia en comisión parlamentaria para dar conta dos orzamentos –“os mellores posibles na situación actual”- do departamento autonómico para 2012.

Entre outros aspectos, salientou que estas contas permitirán crear en 2012 novas prazas sociais públicas, pese a ter un nivel orzamentario similar a 2006. O esforzo de xestión e optimización de recursos permitirá tamén manter no próximo ano 11.000 prazas máis que en 2006, nas que se inclúen as 5.000 prazas xa creadas nesta lexislatura tanto en

escolas infantís, instalacións para maiores e centros para persoas con discapacidade.

De feito, o mantemento destas 5.000 prazas xa creadas desde 2009 supón un incremento orzamentario anual de 45 millóns de euros a maiores, o que supón un 5 por cento do orzamento total da Consellería só en mantemento destes novos recursos.

En total, a Consellería de Traballo e Benestar contará cun orzamento global de 920 millóns de euros. Neste sentido, a titular do departamento autonómico lembrou a aposta que está a facer a Xunta de Galicia por blindar nas súas contas xerais os servizos sociais básicos: “Os orzamentos para 2012 son os máis sociais da historia da Xunta, polo que 3 de cada 4 euros, é dicir, un 76 por cento, está destinado a cubrir as necesidades sociais básicas da cidadanía”, subliñou.

Primeiro obxectivo: inclusión social

Para dar cobertura ao primeiro obxectivo de axudar as persoas que máis o precisan, a Consellería de Traballo e Benestar aumentará nun 1,57 por cento o orzamento global dos programas de inclusión, que será de 41 millóns de euros no ano próximo.

Neste eido, destaca o aumento da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), que se incrementará nun 4,4 por cento, ao pasar dos 22,3 millóns aos 23,3. Ademais, esta será unha partida ampliable, o que garante que se aumentará en todo o que sexa preciso para dar cobertura a todo aquel que cumpra os requisitos. “Ningunha persoa que o precise quedará desatendida por este Goberno”, insistiu Mato.

Ademais, tamén aumentará a partida destinada ás Axudas de emerxencia social (AES), nun 3,45 por cento –pasa de 2,9 a 3 millóns-; así como tamén se incrementará nun 29,3 por cento o orzamento destinado ao apoio aos comedores sociais, albergues e casas de acollida, que chegará así aos 2 millóns de euros. Mantense tamén o complemento autonómico das pensións non contributivas (PNC), cun financiamento de 9,5 millóns de euros, e que será tamén unha partida ampliable, o que garante que se dará cobertura a todo o que cumpra os requisitos.

Mato adiantou tamén que, tras ser estudada na mesa do diálogo social, se está a ultimar a Lei de inclusión para converter a RISGA “nunha ferramenta real de inserción laboral que evite a cronificación da situación de exclusión social”.

Segundo obxectivo: servizos de calidade

O segundo obxectivo pasa por fomentar os servizos de calidade de atención á cidadanía. As contas para 2012 “como non podía ser doutro xeito” garanten o mantemento de todas as prazas públicas de servizos sociais, entre as que se inclúen as máis de 5.000 creadas no que vai de lexislatura: máis de 2.100 en escolas infantís; preto de 2.700 en centros de atención a maiores; e máis de 500 de atención á discapacidade. Deste total, só no que vai de 2011, creáronse máis de 1.300 prazas sociais.

Polo tanto, o orzamento de 2012 inclúe o mantemento da totalidade das prazas –incluídos os 45 millóns de euros máis de mantemento das 5.000 creadas ao longo da lexislatura- e ademais permite a creación de novas prazas no próximo exercicio.

No que se refire á área específica de escolas infantís, ademais das prazas xa creadas e da creación de novas en 2012, hai que destacar que se mantén o orzamento destinado ao cheque infantil; e que se mantén a orde de axudas a escolas de iniciativa social. Na mesma liña de apoio ás familias, estará blindada tamén no próximo exercicio a partida da prestación por fillo a cargo, con 2,7



millóns de euros, e que figurará de novo como partida “ampliable”.

A atención á infancia “é unha prioridade”, salientou Mato, polo que a partida destinada aos menores aumentará nun 1,1 por cento, ata os 31,8 millóns de euros. Dentro desta área, farase unha especial aposta pola “pronta reintegración dos menores e polo acollemento familiar”, que son os programas que rexistrarán un maior aumento.

Finalmente, a conselleira quixo facer unha especial mención á área de dependencia, á que se destinará un total de 361,7 millóns de euros en 2012, 2 millóns de euros máis que en 2011, o que supón un aumento do 3,1 por cento. Lembrou que o pasado exercicio xa se tiña incrementado noutro 3 por cento o financiamento para este fin, “un comportamento moi distinto ao do Estado”. Este aumento permitirá garantir a atención e “cubrir a parte do presuposto que o Goberno central non aporta”. No que vai de lexislatura, o esforzo da Xunta permitiu atender máis de 37.000 novos dependentes.

A conselleira referiuse tamén ao Plan Concertado, que se modificará de cara a 2012, a través dunha normativa que se aprobará no primeiro trimestre do ano. Este novo modelo permitirá unha “maior axilidade”, ao

tempo que permitirá tamén facer anticipos de financiamento de ata un 50 por cento. Ademais, recolle unha maior coordinación coas administracións locais e provinciais. De feito, xa teñen comezado conversacións coas deputacións para a mellor coordinación da prestación de servizos sociais, especialmente nos concellos máis pequenos.

Ademais, para mellorar a tramitación separárase a axuda a domicilio para dependentes da de non dependentes, co obxectivo de liberar trimestralmente os pagos da correspondente a dependencia, isto é, faranse catro pagamentos anuais en lugar dun só. Aumentárase tamén ata os 30 millóns de euros para axuda no fogar para persoas dependentes. Esta modalidade de atención beneficia a máis de 6.000 persoas, o que supón un incremento de máis do 400 por cento.

Na área de Xuventude, Mato destacou tamén o aumento do financiamento en materia de voluntariado, nun 8,3 por cento. Ademais, manteranse os programas vinculados á educación non formal, e aumentárase nun 1,4 por cento as axudas a través do programa “Iniciativa Xove” para grupos informais de mozos e mozas e para asociacións.

Terceiro obxectivo: autónomos e emprendemento

“O emprego é unha das nosas prioridades”, destacou Mato. Neste sentido, explicou que se priorizaron investimentos que, dentro das competencias da Xunta, dean resposta aos colectivos que máis o precisan e aqueles que teñen máis capacidade de reacción ante a crise.

Así, puxo en valor a “capacidade de revitalización do mercado laboral que teñen tres figuras: o emprendedor, o autónomo e as cooperativas”. Por iso, de cara ao 2012, a Consellería investirá un millón de euros máis no apoio aos autónomos e emprendedores (de 27 a 28 millóns de euros). No que vai de lexislatura, xa se destinaron máis de 92 millóns de euros de apoio a este colectivo, e tense apoiado a preto de 14.000 autónomos.

No que se refire ás cooperativas, incrementáanse as axudas nun 5,5 por cento, ademais de que está xa en tramitación parlamentaria a nova Lei de cooperativas, que actualizará a normativa aos tempos actuais.

Outros aspectos destacables no eido laboral son que se preserva a formación de traballadores desempregados e tamén ocupados, con máis de 85 millóns de euros.

Ademais, impulsárase por segundo ano consecutivo, a axuda económica para as persoas admitidas en cursos de formación que teñan dificultades en poder asistir. Este ano, este programa beneficiou a máis de 1.400 persoas.

Ao mesmo tempo, tamén se reforzará dúas fórmulas que “melloran a empregabilidade” como son: o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia ou por vías non formais de formación (onde se está facendo especial fincapé nos coidadores non profesionais de persoas dependentes); e por outro lado, tamén se está apostando pola formación certificable, “válida en todo o Estado e centrada naqueles sectores de máis demanda”. En 2011, preto de 10.000 persoas contarán cunha formación certificada; e prevese que en 2012 sexan 15.000 os beneficiarios desta formación certificable.

Presérvase, tamén, a partida de axudas ao emprego para persoas con discapacidade, na liña de seguir apoiando os colectivos que máis o precisan. Contará un financiamento de 15 millóns de euros, que se destinará a axudas á contratación indefinida destas persoas; ao emprego con apoio; ás entidades sen ánimo de lucro; e ao mantemento dos centros especiais de emprego.

Cuarto obxectivo: diálogo

Por último, o cuarto obxectivo de cara a 2012, proseguíu Mato, é o de continuar co “diálogo social”, e con consenso e concordia cos axentes sociais, coas entidades e coas diferentes administracións. Neste sentido, recordou que no seo do diálogo social xa se teñen acadado 15 acordos e 9 preacordos.

En definitiva, a conselleira apuntou que as contas para 2012 son uns orzamentos “adaptados á realidade actual” e que “incrementan as prestacións para os colectivos que peor o están a pasar”.

Formación e emprego

Traballo apoia os autónomos e emprendedores incrementando nun millón de euros o orzamento para este colectivo en 2012

Santiago, 10 de novembro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, subliñou o apoio da Xunta aos emprendedores e autónomos e lembrou que os orzamentos autonómicos para 2012 supoñen un incremento dun millón de euros nas liñas dirixidas a este colectivo, ata chegar aos 28 millóns.

Mato inaugurou as Xornadas Internacionais de Coaching que se están a realizar en Santiago e incidiu en que apoiar os emprendedores é un dos retos máis importantes para saír da crise porque se trata de persoas con iniciativa e valor para poñer en marcha as súas ideas e dinamizar a economía, o que permite a creación de emprego.

A titular de Traballo apuntou que desde o Goberno galego se aposta firmemente polas fórmulas de apoio ao emprendemento que se tratan de orientar ás necesidades concretas de cada perfil de emprendedor, empresario ou empresaria.

Por exemplo, para a xuventude púxose en marcha o programa 'Emprende', un proxecto compartido co norte de Portugal, no marco da Eurorrexión, cofinanciado pola Unión Europea e cuxo investimento supera os 700.000 euros. Con el preténdese aproveitar as sinerxías históricas existentes entre os dous territorios e fomentar ferramentas como o e-learning, a través do cal preto de 22.000 mozos e mozas poderán mellorar a súa formación; ou o servizo de mobilidade xuvenil, para o intercambio de experiencias entre as empresas de Galicia e o Norte de Portugal.

Outros dous proxectos orientados ao "coaching" e que tamén contaron co apoio da Consellería de Traballo e Benestar este ano foron



► A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou as Xornadas Internacionais de Coaching que se están a celebrar en Santiago

► Mato apuntou que desde o Goberno galego se aposta firmemente polo apoio ao emprendemento, que considerou unha boa fórmula para saír da crise

'Emprega Talento' e o 'Fórum Cicerón', ambas as iniciativas pensadas para poñer en contacto as empresas cos mozos e mozas con inxerencias emprendedoras de Galicia.

Así mesmo, Beatriz Mato engadiu que desde a Xunta tamén se impulsou este ano o proxecto 'Nacce', dotado con 1,2 millóns de euros, e que está especificamente pensado para o apoio ás iniciativas emprendedoras do sector das novas tecnoloxías.

No caso das mulleres, o departamento tamén dedica esforzos para facer fronte ao teito de cristal que as afecta cando se trata de progresar nas súas carreiras profesionais. O 'Programa Executiva', unha iniciativa pioneira en Galicia e no Estado, permitiu a 200 mulleres mellorar os seus perfís directivos, a través de técnicas de "coaching" personalizadas.

Traballo investirá en 2012 un total de 15 millóns de euros en axudas para apoiar a inserción laboral das persoas con discapacidade

Santiago, 9 de novembro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar reforzará en 2012 o seu apoio ás persoas con discapacidade. Así, nos orzamentos do próximo exercicio reserva para si unha partida de 15 millóns de euros para apoiar a inserción laboral deste colectivo.

A conselleira do departamento autonómico, Beatriz Mato, anunciou este compromiso nunha visita que desenvolveu ao centro especial de emprego Traveme de Galega Economía Social. Trátase dun centro dedicado ao desguace ecolóxico de automóviles coa finalidade de vender pezas de ocasión en perfecto estado de funcionamento e logrando, ao mesmo tempo, a integración laboral das persoas con discapacidade.

Precisamente, Mato afirmou que o Goberno

galego seguirá a apoiar de cara ao ano que vén os 1.800 contratos das persoas que traballan nalgún dos 115 centros especiais de emprego que existen en Galicia. Para este fin, os orzamentos dedican unha partida de 13,4 millóns de euros.

Lembrou tamén que o pasado 18 de outubro publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un novo modelo da orde de axudas para os centros especiais de emprego. Esta orde plurianual permitirá anticipos, co fin de dar continuidade no tempo a estas axudas e para que os centros non teñan que agardar as ordes anuais para percibir estas subvencións.

Ademais, a Consellería de Traballo e Benestar seguirá a promover cunha liña de axudas dun millón e medio de euros a contratación indefinida de

persoas con discapacidade e o emprego con apoio en empresas e entidades sen ánimo de lucro.



► A conselleira de Traballo na súa visita ao centro especial de emprego Traveme de Galega Economía Social

Informe do paro rexistrado


Galicia pechou o mes de novembro cun total de 253.416 persoas desempregadas

Paro rexistrado por sectores e provincias. Novembro 2011

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Agricultura e pesca	2.149	915	1.134	2.779	6.977
Industria	14.278	2.593	4.094	17.794	38.759
Construción	17.539	4.256	4.386	15.662	41.843
Servizos	54.801	14.298	14.979	53.733	137.811
Sen emprego anterior	10.577	2.959	3.476	11.014	28.026
Total	99.344	25.021	28.069	100.982	253.416



Paro rexistrado por sexo e provincias. Novembro 2011

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	47.303	52.041	99.344
Lugo	12.407	12.614	25.021
Ourense	13.247	14.822	28.069
Pontevedra	47.683	53.299	100.982
Galicia	120.640	132.776	253.416



	Parados mes	Variación relativa mes anterior
Melilla	10.619	-7,56
Madrid	493.012	-0,81
Cataluña	615.669	0,02
Valencia	532.930	0,49
Andalucía	982.477	0,85
Ceuta	11.351	1,11
Extremadura	134.282	1,15
Castela-A Mancha	225.101	1,61
País Vasco	144.974	1,66
Castela e León	203.568	1,82
Murcia	141.718	2,05
Navarra	45.839	2,39
Aragón	100.078	2,49
Canarias	266.213	3,08
Cantabria	48.482	3,63
Asturias	88.853	3,83
Galicia	253.416	4,66
A Rioxa	24.560	5,15
Illes Balears	97.320	11,96
TOTAL	4.420.462	1,37

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso - igual mes do ano anterior)



SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

A Estratexia galega de prevención de riscos laborais 2011-2014 establece a construción como unha das súas áreas prioritarias

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a entrega dos premios á prevención de riscos laborais que outorga a Asociación de empresarios da construción de Lugo
- ▶ Adiantou que, no primeiro semestre de 2011, este sector concentrou a cuarta parte de todas as actuacións do departamento autonómico en materia de investigación de accidentes, e de accións dos técnicos en empresas e centros de traballo
- ▶ Apuntou, tamén, que se estableceron programas específicos para o sector como o Plan de Grandes Obras, o programa CASSCO, ou o Programa de obras singulares



Santiago, 7 de novembro de 2011.- A construción constitúe un dos sectores prioritarios dentro do ámbito de actuación da Estratexia galega de prevención de riscos laborais 2011-2014. Esta “folia de ruta a medio prazo” foi un dos primeiros acordos alcanzados no seo do diálogo social en Galicia.

Así o destacou hoxe a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, que presidiu a entrega dos premios á prevención de riscos laborais que outorga a Asociación de empresarios da construción de Lugo (Apec).

A titular do departamento autonómico felicitou ás tres empresas premiadas polo seu compromiso en materia de seguridade laboral. Ao mesmo tempo, tamén puxo en valor o labor que desenvolve Apec á hora de trasladar a importancia da prevención en riscos laborais, e de formar os seus asociados para levala a práctica.

Mato explicou que, precisamente, o sector

da construción “polas súas características, está moi exposto aos riscos laborais”. A isto súmase que está conformado por moitas empresas de pequeno tamaño, o que dificulta para moitas delas a implantación de programas de prevención.

Neste sentido, lembrou que o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) –da Consellería de Traballo e Benestar- presta “asesoramento técnico, formación e información respecto ás novidades normativas e técnicas de especial interese no eido da prevención, ademais do obrigado seguimento e control nos centros de traballo”.

Mato destacou que o sector da construción concentrou a cuarta parte da totalidade das actuacións que desenvolveu o ISSGA no primeiro semestre de 2011, tanto en materia de investigación de accidentes, como de accións dos técnicos habilitados nas empresas e nos centros de traballo. Isto supón -se se establece unha orde

por sectores- que a construción é o segundo sector que concentrou maior número de accións neste período do ano, só por detrás da industria.

Ademais, a conselleira salientou que a Estratexia Galega de Prevención de Riscos Laborais 2011-2014 establece a necesidade de realizar actuacións específicas no sector da construción. Por iso, téñense establecido programas específicos de asesoramento, seguimento e coordinación, da man da Inspección de Traballo e a Seguridade Social. Nesta liña de actuación, inscribíense o Plan de Grandes Obras; o programa CASSCO (de colaboración e asesoramento en seguridade e saúde na construción); e o Programa de obras singulares.

Tamén hai que destacar que, ao longo de 2011, desenvólvense “múltiples accións informativas referidas a temas como os riscos derivados do amianto ou as medidas par atallar as caídas desde altura”.

A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia nun 6,57% no mes de outubro

Santiago, 27 de novembro de 2011.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en outubro do 2011 descenderon nun 6,57%. Neste mes rexistráronse 2.689 accidentes fronte aos 2.878 accidentes ocorridos no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 2.638 foron accidentes leves, 45 graves e 6 mortais.

Por sectores, os sinistros laborais descenderon en todos eles: na construción nun 19,53%, na agricultura nun 6,25%, na industria nun 5,47%, na pesca nun 4,21% e nos servizos nun 1,71%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, descendeu un 3,47% en outubro deste ano respecto ao do ano

anterior. Por sectores, o maior descenso foi na construción co 4,24%, na pesca foi do 2,89%, na agricultura do 2,42%, nos servizos do 0,96% e na industria do 0,41%.

Diminución do 15,5% de xaneiro a outubro

A sinistralidade laboral diminuíu un 15,57% nos dez primeiros meses deste ano, cun total de

26.488 accidentes laborais fronte aos 31.371 do mesmo período do ano 2010.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse todas as provincias: nunha porcentaxe do 17,87% en Ourense, nun 16,71% en Pontevedra, do 14,53% na Coruña e do 13,55% en Lugo.

Accidentes totais en xornada laboral no mes de outubro 2010-2011							
	2010			2011			%Variacións total
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	
Agricultura	104	40	144	114	21	135	-6,25
Pesca	83	12	95	84	7	91	-4,21
Industria	712	147	859	680	132	812	-5,47
Construción	546	7	553	443	2	445	-19,53
Servizos	713	514	1.227	682	524	1.206	-1,71
Totais...	2.158	720	2.878	2.003	686	2.689	-6,57

Declaración Institucional da Xunta de Galicia na Celebración do 25 de Novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres

Conmemórase o vindeiro 25 de novembro o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, baixo os auspicios das Nacións Unidas, unha data que debe de provocar unha reflexión sobre o valor universal da igualdade, como ben común.

A Xunta de Galicia quere convidar á consideración colectiva sobre o prezo inasumible que paga esta sociedade pola desigualdade. A desigualdade cobra vidas e soños, cobra cada ano as vidas de decenas de mulleres e os soños das súas fillas e dos seus fillos, das súas nais e pais, das súas amizades.

Unha análise dos acontecementos diarios, das estatísticas de violencia de xénero ou da desigualdade de oportunidades, lévanos a concluír que é, non xa necesario, senón urxente, construír un novo patrón de relación igualitario en substitución do tradicional, obsoleto e fracasado, que prexudica as mulleres pero tamén é insatisfactorio para os homes.

Os desaxustes e os fracasos que produce o actual patrón desigual deben obrigarnos, como colectividade, a repensar un

novo modelo de relación, que sexa aceptado por todos e todas e que sexa gratificante para mulleres e homes.

Na construción dese novo modelo, a Xunta de Galicia desenvolve numerosas liñas de acción con criterio horizontal e interinstitucional, destinadas a estimular a corresponsabilidade de toda a sociedade e, especialmente, da xente máis nova, así como a ampliar a protección das vítimas, considerando neste grupo as mulleres e os menores. Porque o sufrimento produce tamén fondas feridas emocionais ás fillas e aos fillos que conviven en ámbitos familiares violentos, con consecuencias psicolóxicas e de socialización e, tal vez, de alta tolerancia futura ás situacións de violencia e de repetición das pautas interiorizadas como normais.

Neste proxecto común, a Xunta de Galicia agradece o traballo desenvolvido polas asociacións e entidades que colaboran na prevención, na sensibilización e na intervención nos casos de violencia de xénero e invita a todos os galegos e as galegas a incorporaren a cultura da igualdade como un ben común. Para que arraigue e prenda definitivamente na sociedade.

Declaración Institucional da Xunta de Galicia con Motivo do Día Universal da Infancia

Santiago, 20 de novembro de 2011.- Hoxe celebramos o vixésimo segundo aniversario da Declaración Universal dos Dereitos da Infancia, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1989 e ratificada polo Estado español en 1990. Nela recoñécese os nenos e nenas como seres humanos especialmente vulnerables e, por iso, necesitados dunha especial protección.

Con motivo desta data, desde a Xunta de Galicia queremos reiterar o noso compromiso para garantir esa protección. Un compromiso que vai máis alá da mera asunción das nosas responsabilidades como Administración Pública, e que se asenta na profunda convicción de que os nenos e nenas son o máis prezado ben para o futuro da sociedade. De aí que garantir o seu crecemento e desenvolvemento nas condicións óptimas sexa prioridade irrenunciable da acción do Goberno, e concretamente das nosas políticas de menores e familia.

Neste ano 2011 vimos de outorgarlle un novo respaldo normativo a este compromiso coa infancia, no ámbito da nosas competencias autonómicas, a través da aprobación da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Unha norma na que están plenamente integrados os valores da Declaración Universal dos Dereitos da Infancia, en aspectos como o dereito dos nenos e nenas a vivir no seo dunha familia e o dereito á educación desde o nacemento.

Aspectos que esta norma garante, a través do recoñecemento da familia como institución a protexer, na súa calidade de núcleo esencial da nosa sociedade, da consideración como familias de especial protección ás numerosas e acolledoras, entre outras, da promoción da conciliación, recollida por primeira vez nunha lei nun capítulo específico, e da articulación de medidas concretas para facer efectivos todos estes preceptos.

Sendo nestes momentos prioridade deste Goberno a promoción do acollemento de nenos e nenas en situación de risco ou desamparo, para apostar polo seo dun fogar fronte ao internamento nun centro, queremos facer un chamamento ás familias galegas para que contribúan a este obxectivo. Ao mesmo tempo, queremos facer explícito o noso recoñecemento ás 1.200 familias galegas que acollen, a día de hoxe, a 1.600 nenos e nenas, e que están a realizar unha das maiores contribucións á nosa sociedade: o de apostar pola nosa infancia e polo noso futuro.

Por último, queremos lembrar especialmente, desde a solidariedade, os nenos e nenas que sofren situacións dramáticas como a fame e os conflitos bélicos, máis intolerables se cabe cando afectan á infancia, así como mostrar o noso compromiso humano e institucional para erradicar estas situacións. Un sentir que a bo seguro comparte a totalidade da cidadanía galega.

Benestar e dependencia

Benestar porá en marcha en xaneiro un proxecto para a detección precoz da dependencia

- ▶ A iniciativa ten como obxectivo principal o de promover a planificación e utilización conxunta de equipamentos, programas e servizos sociais innovadores
- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar lidera este proxecto europeo enmarcado dentro do Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal 2007-2013
- ▶ O programa, que conta cun orzamento de 2,3 millóns, comezará en xaneiro de 2012 e prolongarase ata 2013



Norte de Portugal, está liderado pola Consellería de Traballo e Benestar.

O proxecto 'Envelhecimento + Activo' ten como finalidade principal promover a planificación e utilización conxunta de equipamentos, programas e servizos sociais innovadores, a nivel transfronteirizo, para a detección precoz de futuras necesidades de dependencia e a promoción do envelhecimento activo e saudable.

Os destinatarios deste proxecto son o propio colectivo de maiores, así como todos aqueles axentes relacionados con este: as familias, os traballadores do sector socio-sanitario, e tamén os servizos públicos, que poderán empregar os resultados acadados para establecer futuras estratexias de actuación e prevención da dependencia.

Santiago, 23 de novembro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha en xaneiro o proxecto europeo 'Envelhecimento+activo' para a detección precoz da dependencia que se prolongará ata o 30 de xuño de 2013. Este contará cun orzamento total de 2,3 millóns de euros, dos que o 75% serán financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, presidiu en

Santiago de Compostela unha reunión de traballo na que estiveron presentes todas as entidades socias e colaboradoras do proxecto e que tivo como obxectivo o de asentar as bases para a súa posta en marcha. Tamén serviu para planificar actividades de especial relevancia que se desenvolverán nos próximos meses.

Esta iniciativa, enmarcada dentro do Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal 2007-2013, e no que colaboran organismos públicos de Galicia e o

A Xunta presenta aos traballadores sociais a nova ferramenta informática para xestionar a axuda no fogar de persoas dependentes

Lugo, 29 de novembro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar organizou en Lugo un encontro técnico cos traballadores sociais dos concellos da provincia de Lugo co fin de presentar a nova ferramenta informática para xestionar o servizo de axuda no fogar para persoas dependentes. Preveuse que este novo módulo estea operativo nos primeiros días do próximo ano.

A xuntanza –a primeira das catro que se van celebrar en todas as provincias galegas- estivo presidida pola secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro; e a delegada territorial da Xunta en Lugo, Raquel Arias. Esta xornada formativa verase complementada cunha serie de formación específica por comarcas ao longo do mes de xaneiro de 2012, e que se levarán a cabo en colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Coro Piñeiro lembrou que esta novidade inscíbese dentro das

"profundas reformas" que está a acometer o Goberno galego de cara a optimizar e acadar unha implantación óptima do sistema de atención á dependencia en Galicia. O obxectivo concreto desta iniciativa é dar a coñecer de primeira man aos traballadores dos servizos sociais comunitarios esta nova ferramenta, que "xerará inmediatez e evitará trámites que ocupen e sobrecarguen innecesariamente os servizos", subliñou pola súa banda Arias.

No eido da atención á dependencia, é "fundamental articular a colaboración necesaria cos concellos", destacou a secretaria xeral, dado o "papel clave das corporacións locais non só por ser a administración máis cercana á cidadanía, senón tamén de cara a conseguir unha resposta áxil, pronta e eficaz para os cidadáns galegos; e para mellorar, ao tempo, a xestión dos procedementos utilizando medios tecnolóxicos que actualmente están á disposición dunha

administración moderna".

Precisamente nesta liña de actuación, a Consellería de Traballo e Benestar xa puxo a disposición dos concellos unha publicación cos procedementos e documentos técnicos necesarios no desenvolvemento do sistema de atención á dependencia no ámbito dos servizos sociais comunitarios e de saúde, co fin de que os traballadores sociais tivesen ao seu alcance toda a información precisa, así como unha guía detallada dos pasos que se deben seguir en cada fase do proceso.

Posteriormente, e para seguir avanzando neste eido, o departamento autonómico facilitou aos concellos un convenio de colaboración mediante o que os servizos sociais comunitarios, e tamén os servizos sociais do sistema de saúde, teñen acceso á información resumida do estado de tramitación dos expedientes de dependencia (o módulo extranet aos concellos). Este convenio

está xa asinado actualmente pola práctica totalidade dos concellos, mentres que os restantes están actualmente en tramitación.

De feito, neste convenio de colaboración xa estaba previsto o acceso por parte dos concellos a este módulo para xestionar o servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia.

Así, a secretaria xeral adiantou que a partir do próximo ano esta será a ferramenta a través da que se van xestionar os programas individuais de atención deste servizo, así como o seu financiamento, o que permitirá unha xestión "máis áxil e automatizada". Ao respecto, a delegada territorial precisou que "co acceso a esta ferramenta informática favorécese que os servizos sociais dos concellos xestionen eles mesmos as horas que a Xunta lles financia, de modo que cumprindo a normativa, se distribúan mellor as horas asignadas".

Feijóo afirma que o Goberno galego segue a cumprir cos concellos e avanza a elaboración dun novo decreto que permitirá un plan concertado dos servizos sociais mellor organizado, mellor planificado e cun mellor financiamento

- ▶ Destaca que a nova normativa asegura a igualdade de prestacións entre todos os cidadáns que vivan en calquera concello galego. "Atención igual para todos os galegos residan onde residan; é dicir, mesmas prestacións e mesmos contidos"
- ▶ Explica que o novo decreto establece dúas fórmulas de financiamento diferenciadas: por unha banda, as axudas para prestación de servizos sociais básicos; e, por outra, para a axuda no fogar para persoas dependentes, que se liquidará trimestralmente e non nunha orde anual como ata o momento
- ▶ Con este decreto priorizaranse as axudas a aqueles concellos que se coordinen para prestar servizos dunha forma mancomunada; pola súa aposta pola eficiencia, a eficacia e a non duplicidade dos recursos"

Santiago, 17 de novembro de 2011.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, afirmou, na rolda de prensa do Consello, que o Goberno galego segue a cumprir cos concellos e avanzou a elaboración dun novo decreto que permitirá un plan concertado dos servizos sociais mellor organizado, mellor planificado e cun mellor financiamento. "Recursos e servizos serán máis áxiles. Damos resposta a unha vella demanda dos concellos respecto á aplicación do plan concertado. As administracións locais levan tempo reclamando previsibilidade, garantía e anticipación dos pagos. E, a Consellería de Traballo e Benestar acaba de presentar ao Consello un proxecto de decreto

que se remite de forma inmediata ao Consello Consultivo e á Fegamp, asegurou Feijóo.

O responsable do Goberno galego destacou, durante a súa intervención, que o primeiro obxectivo do decreto é unha mellor organización para asegurar a igualdade de prestacións entre todos os cidadáns que vivan en calquera concello galego. "Atención igual para todos os galegos residan onde residan; é dicir, mesmas prestacións e mesmos contidos", aseverou.

Así mesmo, salientou que esta normativa pretende unha mellor planificación -ao permitir aos concellos coñecer con anterioridade o financiamento do plan concertado-, e un mellor financiamento. "Un financiamento máis

rápido -permitirá facer anticipos nos catro primeiros meses do ano-; e un financiamento máis estable, buscaremos dúas fórmulas de financiamento. Por unha banda, as axudas para a prestación de servizos sociais básicos; e, por outra, no que se refire á axuda no fogar para persoas dependentes, que se liquidará trimestralmente e non como se viña facendo, a través dunha convocatoria dunha subvención que se facía unha vez ao ano mediante unha orde".

O presidente da Xunta asegurou, deste xeito, que o Goberno galego "intentará, neste escenario de dificultade, seguir sendo previsible, contando cos concellos". "E este plan concertado para o próximo ano -dixo- intentará ser máis estable".

Pola súa banda, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avanzou que esta normativa estará en vigor a principios do vindeiro ano e subliñou que "con este decreto priorizaranse as axudas a aqueles concellos que se coordinen para prestar servizos dunha forma mancomunada; pola súa aposta pola eficiencia, a eficacia e a non duplicidade dos recursos".

Beatriz Mato amosouse convencida de que esta normativa "vai redundar nun importante alivio para as arcas municipais, nunha maior tranquilidade e mellor planificación da tarefa que se ten que desenvolver desde os concellos, e nunha mellor prestación dos servizos básicos comunitarios para a cidadanía".



Mato pon en valor o voluntariado como “un dos signos de madurez y solidariedade” da sociedade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou o XIV Congreso Estatal do Voluntariado na Coruña
- ▶ O congreso, organizado pola Consellería de Traballo e Benestar coa colaboración do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, reúne na cidade herculina a máis dun millar de participantes de toda España

A Coruña, 29 de novembro de 2011.- Máis de 10.000 voluntarios e voluntarias participaron nas diversas accións postas en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar en Galicia neste Ano Europeo do Voluntariado, un ano que terá como broche de ouro a celebración do XIV Congreso Estatal de Voluntariado na Coruña.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou o Congreso en Palexco e lembrou que nestes doce meses o departamento puxo en marcha numerosas iniciativas que abarcaron temáticas tan diversas como a educación ambiental, a protección ao patrimonio cultural ou o fomento do voluntariado entre os estudantes de Primaria e Secundaria.

Beatriz Mato confiou en que o programa do Congreso contribúa a fortalecer a posta en valor do voluntariado “como un dos signos da madurez e solidariedade das nosas sociedades” nun momento en que é necesaria a unión de esforzos para construír un novo modelo de sociedade integradora, inclusiva e participativa, máis humana e coa forza dos valores.

